

Un paraíso na infancia

Pura Vázquez

Nacín no ano 1918, no trinta e un de marzo. Penso que xa non val a pena sinalalo, polo lonxe que vai quedando, e cando o ano 2000 se está botando xa enriba de nós.

Contábame miña nai que nacín unha mañá de domingo de Pascua de Resurrección e que no intre do seu alumbramento tanxían as campás de moitas igrexias. Dician os vellos que había máis de corenta, contando as capelas e a catedral. E que repicaban todas.

Os papás seica vivían no Polvorín, unha vella bisbarra de Ourense, e vivían alí tamén os avós paternos. Dora nacera no Salto do Can, onde logo me criei eu, ata algúns meses antes de cumprir o ano de existencia. E foi entón cando os papás nos levaron a Dora e a min para A Coruña, onde pasamos unha tempada de varios anos, a causa do traballo, chamados por uns tíos emigrantes que regresaran de Cuba ou da Arxentina, e cos que nos fomos vivir, como emigrados case, tamén.

Dos primeiros anos meus de vida que recordo, lembro que era moi enredante e que ía medrando sen présa, nunha cidade que non coñecía e que era un mundo fermosísimo para min, e tamén para Dora, miña irmá, que tiña cinco anos máis ca min en idade. Con ela aprendín a camiñar, a falar e ata a ler, nos primeiros anos. E paréceme que foi curioso o fenómeno. Os meus pais falábannos en calquera dos dous idiomas que había en Galicia: o galego e o castelán. E facían un pouco por comodidade, o galego porque lles gustaba, era o seu idioma natural e o castelán porque tamén lles gustaba para que o soubesemos nós, e porque os meus tíos o falaban sempre, e algo se nos ía pegando. Dora e mais eu, escoitándoos a eles acostumámonos tamén a ex-

presarnos ben, fose nun idioma ou no outro. Tamén o aprendiamos na rúa, cos rapaciños coruñeses. Así que nos foi fácil conseguir expresarnos en calquera dos dous idiomas empregados, ó mesmo tempo que eu aprendía tamén a camiñar. Foi tamén alí onde comecei a familiarizarme con ese mundo marabilloso das letras e das palabras, e cando rompín a ler, aínda que isto me resultou algo máis custoso, ensinada pola miña irmá.

Da miña pequena vida na Coruña non lembro demasiadas cousas. Cando comecei a ter conciencia de min xa camiñaba, corría e falaba cunha media lingua que non tardei moito en superar. Mais, hai unha letra nos abecedarios chamada dobre "erre", que nin de nena, nin de moza, nin agora de vella, me foi posible pronunciala con corrección. Ata de mociña, nas clases, trataban de corrixirme os profesores o defecto, ensinándome a mellor maneira de pronunciala. Ata chegaron a dicirme que metendo na boca areas e tratando de pronunciala, aprendería. Eu coíndaba que fose unha broma do profesor de Latín, que foi o que mo dixou, pero era tal o interese que eu tiña e o meu amor propio me empuxaba, que rematei probando a facelo. Pero ese método estrafalario non me entraba. E qué lle queren, o profesor fartouse de rir cando llo dixen. Nunca fun capaz de pronunciala de xeito forte. Fuxía de todo o que podía ter que ver con ese empeño meu, evitando as palabras que a contiñan, que eran moitas. Impedíame ler mellor os poemas, e moitas veces renunciei a facelo en público inda sendo xa maior, tanto nos recitais orais directos como a través dos micrófonos, coa radio ou a Televisión.

Desde que comencei a lembrar, vivimos primeiro na casa dos meus tíos, os que viñeran de América e que vivían nunha casa grande da Coruña. O meu pai leváballes as relacións públicas do establecemento orientando ós que chegaban nos barcos, para o aloxamento. Máis adiante, meus pais buscaron un lugar onde vivir nós os catro que eramos de familia, e atoparon unha gran casa polo campo cercano, aínda dentro da cidade, da que ocuparon o primeiro andar, xa que os donos vivían no baixo do edificio, onde tamén estaban as cortes das vacas, as cabras e as ovellas.

Antes de ter alugado esa vivenda ocupamos un piso pequeno na Rúa do Socorro, pretiño do Orzán, onde collín a enfermidade do tifo, e estiven maliña durante case dous meses. Tan maliña, que ninguén daría un patacón por min, nin polo futuro da miña tenra vida. Aínda tería eu dous anos ou algo máis, pois no subconsciente gardo algúns retallos de visións, de pesadelos, acaso de cousas vividas, incluso referentes a esa doenza, pero é moi pouco o que podo lembrar daquel tempo xa. O meu estado chegou a ser tan grave, segundo me contaron a mamá e Dora, que seica estaba como morta, a pesar dos baños de auga xelada nos que me mergullaban para baixar a febre de máis de corenta graos

que nin con esas se afastaban de min. E dicía miña nai máis tarde que o doutor pasaba cada día para comprobar cómo seguía. Eu estaba sempre no mesmo estado. Contaba tamén que un día o médico lle deixou un papel para que o tivese sempre a man, e que o chamase se algo novo me ocorría. Pero nada daquela me sucedeu. Eu resistín aquela longa doenza e sandei. Comentábame logo Dora, xa de grandíña, que un día ela entrou na casa ó vir da escola, que abriu a porta do meu cuarto e que me atopou sentada no leito. E seica era como un esqueletoño do que fora algunha vez unha neniña, cantando cunha voceciña de gato moribundo, unha cantiga de nenos que case non se escoitaba.

Ós poucos días sacáronme da cama.

Tería xa eu preto de catro anos, e Dora tería nove, cando andabamos ambas como perdidas no Campo Volante noutro caserón alugado. Lembro que tiña no primeiro andar grandes ventás abertas no tellado, a modo de enormes bufardas desde as cales non nos cansabamos nunca de ollar o mar na distancia, enxarciando alá no medio do fondo azul a espuma, a que nos dixeran que era a Pena da Marola, por onde entraban os buques á baía do peirao. Esquecíame de todo o que non fose aquela secreta liberdade que tiña para percorrer os sendeiros con muros bordeados de rosas miúdas ulindo a gloria, mesturadas coa brisa salgada do mar.

Dora e mais eu tiñamos, ó saír da escola, que coidar das pitas alí no eido. A min tocárame nunha tómbola da Coruña, media ducia de pitas moi feitiñas e bonitas. Miña nai púñallelas ás galiñas para que bebesen auga. Sempre lles puña dúas. Dora e eu tiñamos que coidar tamén que ninguén levase as relucentes potas. Un día, enredando, esquecémonos das potas, e cando veu buscarnos a mamá, desapareceran, e non as volvimos ollar nunca máis. Enfadada colleu a Dora e zorregoulle unhas azoutas no cu. Con cinco anos máis ca min, Dora sabía porse de xeito que as azoutas lle esvarasen pola roupa sen rozarlle nin tan sequera as nádegas. Mais eu, que non tiña a malicia que ela tiña xa, cos seus anos, deixei que a mamá me dese todas as que me quixo dar. Eu só podía chorar e berrar e facíao como se me matasen. Logo ela deixoume ir e deume unha garimosa covachada, dicíndome: “Lercha, que es unha lercha. Vouche eu dar a ti aínda máis, por se non che chegou. E voute levar axiña á escola, xa o verás”. E cumpriu de seguida a palabra de meterme na escola. Dora estudiaba xa a Primaria nunha sección da Escola de Maxisterio, que estaba na Praza de María Pita. E alí ingresei eu tamén, pasando a formar parte do alumnado do Parvulario.

As nosas fincas estaban preto da torre de Hércules e os meus pais traballábanas nas horas libres que lles deixaban os seus outros labores. Con esa vida que tiña semellanza coa que facían no Santo do Can, en

Ourense, eles sentíanse máis felices e arriquecidos na súa modestísima vida. Eu fun moi feliz naquel tempo. Xa me deixaban camiñar con outras nenas pola beira da praia onde rompían as ondas. E foi medrándome dentro aquel amor fermoso pola luminosa chaira azul de auga que se remexía sen parar nunca. Foi no Orzán e na praia de Riazor onde verdadeiramente descubrín o mar e comecei a interesarme, sen medo xa, pola súa beleza e grandiosidade. Ameino de corazón cun amor que coidei que perduraría de por vida, como así foi, o mesmo que as miñas querencias polos animais, florciñas e herbas, todo o fermoso e silvestre que coñecera na miña feliz infancia, prolongada e case solitaria.

Cando deixamos A Coruña fomos parar a Quiroga, fermosa vila da provincia de Lugo para onde destinaran a meu pai, logo de gañar unhas oposicións a Correos. Cumprira xa eu os cinco anos, andaría cerca dos seis. Eles estaban contentos de ir para máis cerca de Ourense. No intre, a min non me gustou o cambio, cando xa podía gozar da presenza e do contacto co mar, e da Coruña, que aínda hoxe amo o mesmo que Dora, como unha segunda patria que tanto agarimo nos deu nas nosas vidas infantís.

En Quiroga, o papá tiña nos baixos do edificio da nova casa que alugamos a súa oficina. O traballo era pouco, e despachábao rápido. Tiñamos a vivenda no primeiro andar, na mesma estrada que ía á estación de ferrocarril, e dentro dun patio con roseiras e parras. Desde as galerías da casa ollabamos o río Sil, que foi co Miño meu de Ourense, fundamental para a miña vida amante das augas, agora que non tiña o maravilloso cadro do mar. E foron eses dous ríos, Sil e Miño, os que mantiveron a ilusión que conservei sempre da Coruña e dos peiraos.

Daquela en Quiroga non había parvulario. Aínda que eu non tiña a idade para asistir a Primaria, visto que estaba moi adiantada xa que chegaba da Escola de Párvulos da Coruña, admitíronme no primeiro grao da Primaria.

Chegou a Semana Santa cando nós chegamos, case, á vila. E eu asistía coas outras nenas á preparación da Primeira Comuñón, que faciamos na cataquese, na igrexa parroquial, co señor cura, a quen non lle gustaba nada que me presentase na Cataquese cos vestidiños que me facía a mamá, cun tecido de percal finiño, con manguiñas curtas, e que tiñan no rodeiro da saia uns remates de volantes que subían e baixaban ó correr e que ás veces seica ensinaba algo das braguiñas. Díxome ben claro o sacerdote o primeiro día, para que a mamá me vestise cunha roupiña máis “decente”. Conteillo a miña nai, pero ela coidou que eran cousas miñas de nena, e non me fixo caso. Na Coruña todas as nenas da miña idade ían así. O párroco avisoume aquel día. Logo outro, pero ó chegar o terceiro día vestida do mesmo xeito, achegouse a min, e sen previo aviso, deume unha patada no cucuíño cos seus tremendos zapa-

tóns, e botoume fóra da Cataquese e da igrexa dicíndome que non volvese máis por alí mentres non me vestisen dunha maneira adecuada.

Ese foi o meu primeiro mal encontro coa Igrexa. Contra a santa Igrexa, bramaba o papá, moi enfadado. Pero el quería que de todas todas volvese alí. Eu non quería volver e empeñeime en que non ía se non me poñían outro vestido. No final, a mamá arranxoume outro vestido para que de momento puidese ir á Cataquese naquel día, e logo mercárame outros dous para ir trocando os lixados. Moi doída aínda, volvíñ humilde a aprender a doutrina, porque eu desexaba ardentemente facer a Primeira Comunión. O párroco veuse ás boas, avisándonos a todas que fosemos convenientemente vestidas á igrexa. Eu regresara con moita mágoa, tamén porque me daba vergonza que todas aquelas nenas ían facer a Primeira Comunión coma min, pero con vestidos brancos e xeitosos, longos ata os pés, con puntillas e encaixes.

A mamá baixárame as saíñas ata algo máis abaixo dos xeonllos. Esa foi a miña Primeira Comunión, logo dese encontro tan pouco afortunado que tivera coa Igrexa. E toda a miña vida lembrei aquela patada do párroco a unha feble neniña de seis ou sete anos. Pero sei que aquela experiencia ensinoume moitas cousas que aínda non comprendera da vida: a obediencia en primeiro lugar. Humildade, que toda a miña familia e eu a primeira, aprendimos a través da dura lección que eu recibira.

Antes de cumprir dous anos de vivir en Quiroga, meu pai foi destinado para a Central de Correos de Ourense. Fómonos moi contentos para a nosa vella casa do Santo do Can, que era nosa e tiña un longo balcón e unha terraza desde onde se abarcaba á redonda toda a cidade ourensá. Era como un anfiteatro. Abarcaba a ver as fermosas pontes sobre do Miño, as casas da cidade, e todos os pericoutos que adornan os maravillosos arredores de Ourense, a miña máis amada das cidades. E ó pé, no arredor noso, fincas con arboredas de árbores froiteiras, toxos e xestas, e todo o campo libre que nunca tivera de meu, e que precisaba para soñar e correr como nunca o puidera imaxinar. Era ceibe como calquera daqueles animalíños que me rodeaban. Podo asegurar que era inmensamente feliz.

A vida foi sempre doce para min mentres que vivín naquel noso paraíso, nesa altura do Salto do Can, coa máis divina e terreal vista que é posible imaxinar. Aínda nunca o vira, porque fun privada desde moi pequeniña, e unha vez de volta alí quíxenme estrear con paseos e correrías cos meus amigos, os cans, mentres que o gatiño que xa me trouxeran para espaventar a soidade me ollaba marchar cos outros animais con ollos nostáxicos, máis ben tristes. Claro que os imperativos da existencia de seguida me levaron á escola, onde non tiven inconveniente ningún para entrar. Gustábame a escola, a profesora. De seguida fixen amigas que aínda viven coma min, e coas que me comunico can-

do sinto as nostalxias de cómo foi a vida. Aquel cambio que tanto me gustaba, a miña casa coa familia, ata os bichiños e a natureza máis fermosa a rodearme, enchíanme dunha secreta felicidade e todo me parecía máis luminoso e grato.

Era o chegar da escola e tomar a merenda. E logo era enredar pola finca, xogar co gato "Chiro", co pastor alemán que se chamaba Yanky, e con outro máis velliño e pequerrecho can que se chamaba Ney. Levámonos moi ben os catro, sobre todo cando andabamos a descubrir novas corredoiras e camiños. E no tempo da froita, era subir ás árbores e apañar a froita madura para a casa, e empoleirarme nas pólas cargadas de froito e engulir a pracer aquelas doces cereixas ou pexegos, con todo o saibo do sol na pel. Daquel sol que as quentaba e as madurecía.

Fun unha rapaza con moita imaxinación e que dicía mentiras, como a que lles contaba ás compañeiras da escola, cando lles asegurei que tiña unha árbore "chufas" na finca. Conteilla a miña nai e fíxome desfacer aquel enredo coas compañeiras. Aprendín a non a contar trolas sen moita necesidade. E tamén ollando no dicionario souben que a chufa era un tubérculo pequeniño dunha especie de planta chamada "xuncia".

Ós trece anos saín da escola para facer o ingreso no instituto que hoxe leva o nome de don Ramón Otero Pedrayo, que foi dous anos profesor meu cando aprobei o Ingreso. E cando me dei conta, xa era o mes de xuño, dos exámes, e nese ano ía cumprir xa os catorce anos.

Lía moitos libros amais de estudar —aínda que algo menos que nos de lectura— e pasei un verán precioso lendo todo o que me caía nas mans, ata a Biblia e os Evanxeos. Xa non lía os contiños de Calleja, que nos custaban un patacón, senón as novelas que Dora e mais eu mercabamos ou as levabamos alugadas. Xa me agradaba tamén ollar para os rapaces, aínda que miña nai facía todo o posible para que ollase para outro lado cando pasaban preto. Ela ía controlándome como quen non quere a cousa. E sen eu dar-me conta, algunha vez caíame unha labazada por miralos.

No terceiro curso decateime de que me gustaba moito escribir, aínda que esa ansia víñame xa dos dous anteriores cursos. Mais que nada, do que tiña a obrigaón de facer, gustábame a literatura. O profesor da clase espoleábame. Cando el facía unha pregunta e ninguén dos compañeiros a contestaba, preguntábame a min, que a penas lle fallaba nunca. O mesmo sucedía na clase de don Ramón Otero Pedrayo coa Xeografía ou a Historia. E foi nese tempo cando entrei de cheo no pequeno mundo da miña poesía. Eu soíña. O profesor soamente me orientaba e axudome a encariñarme coa Preceptiva Literaria, disciplina que tamén me agradaba moito, e que me axudaba cos coñecementos necesarios. Tanto, que no final do curso, o profesor deume unha Matrícula de Honor, como nota.

Eu escribía e escribía, cousiñas sinxelas, que pouco a pouco ían madurecendo dentro de min, que me sentía mellor con aqueles exercicios. Ben me decatara de que todo aquilo non valía para nada, pero axudábase para intentar descubrir cousas, matinar nun mundo marabilloso que aínda era descoñecido para min, pero no que quería entrar como fose polo moito que me agradaba e conmovía. Comecei a pasar os versos a máquina, na de segunda man que meu pai me conseguira. E un día, atrevínme a dicirlle a el: “Papá, eu quixera que me levase vostede estes versos ó diario *La Zarpa*. El olloume moi sorprendido, pero coñecía moito ó Director do Diario, e levoulle aquel feixiño que lle metín nas mans, dicíndome: “Vouchos levar ó periódico, e gustaríame que chos publicasen”.

Ós dous ou tres días, saíu o primeiro, “Tras los años”, que lle dedicaba ó Instituto onde estudiaba e ós compañeiros con outros nove poemas. Era nos primeiros días de decembro, ano 1934 xa. Dese ano teño menos cousas. Logo conservo uns vintecinco poemas ou máis, do ano 1935, e un número máis pequeno do ano 1936, e penso que aí parou a cousa, porque no dezaioito de xullo apagóuselle a luz a aquel diario onde xenerosamente publicara uns cincuenta poemas ou cousiñas desas que eu coidaba que o eran, nostalgicamente.

Deume moita pena ter que deixar *La Zarpa*, á parte do desgusto que levei cando a fixeron desaparecer. Pouco antes o papá levárame á petición dos periodistas, a visitalos, xa que eles non podían crer que unha rapaciña con tan poucos anos fose capaz de escribir aqueles versos. Na visita fun feliz, e eles agasalláronme cun pequeno anaco de chumbo no que gravaran o meu nome e apelido. Esa pequena vaidade, ese primeiro triunfiño valeu moito para min, para a miña curta vida adolescente. Afirmoume máis no espírito a ilusión esperanzadora dun camiño que me engaiolaba pensar en percorrer, e polo que faría todos os sacrificios para aprender a camiñar por el.

Xa no segundo curso do Bacharelato comezara a darme a coñecer entre os profesores e os compañeiros no diario ourensán. O papá gustáballe esa afición miña e a favorecía coa condición de que non abandonase por ela os estudos. A miña nai non lle gustaba e dicíame que estaba tola ou que remataría por secárase o cerebro escribindo tantas cousas sen sentido. Mais eu non cedín. Cando non podía facelo polo día, escribía pola noite, a soas no meu cuarto, mentres que notaba que todos durmían. No verán facíao apoiada no peitoril da ventá coa luz da lúa chea, e era unha ledicia para min levar a cabo aquel labor ata que sentía que o sono chegaba e me pechaba os ollos, e a cama tamén me turraba do corpo para que me deitase.

Xa maior, contábao na casa, pero non crían que fose certo. Quizais non dixese eu nunca unha historia máis verdadeira.

En xullo do 36 saltou a guerra civil, e como filla de socialista coñecido tiven inconvenientes. Ó papá prendérono e pasou tres anos na cadea na prisión da Guardia. Dora casou e do seu traballo da escola axudábanos a min e a mamá como podía. Eu xa tiña noivo, pero no día seguinte ó levantamento, prendérono tamén e levárono á prisión de San Rosendo en Celanova. Desde alí envioume recado que me acercase a Celanova para vernos e falar. Fun alí e díxome el que se enganchara no Tercio para saír doutras complicacións. Que entre nós todo seguía ben, e que o ían levar para Larache pola instrucción, e logo ó Frente, como así foi. Nin nos foi posible despedirnos. Aquela mesma noite levárono para Larache con outros moitos. Logo andou por varias fronteiras. Cando se acababa a guerra, no combate do Ebro, explotoulle unha granada e matouno a metralla.

Xa morto Sindo, recibín unha carta dos compañeiros seus, pedíndome que lles enviase poemas meus, todos os que puidese, en castelán e en galego. Non me dixeron máis, e eu envieillos. Pasados uns meses, recibín de Larache dezaoto exemplares dun libro feito cos poemas que lles enviara e que titularon *Peregrino de amor*. Foi editado na imprenta do Tercio polos compañeiros e oficiais do meu defunto noivo e enviáronmo con todo o agarimo. E, curioso, naqueles mesmos días outro libro que enviara á Deputación de Ourense *Márgenes veladas* saíu publicado tamén. Os dous primeiros que me publicaban, con ben distinta orixe. A vida é así de caprichosa. Encontreime neses meses co pai preso na Guardia, e cun libro impreso nas imprentas militares do Tercio, na Lexión Estranxeira, e pensando para sempre na xuventude miña e no meu mozo morto. E nunha guerra sen cuartel que ma roubara. Sufrín moito, mentres a guerra non deixou de ferir, coa ilusión perdida para sempre, desexando morrer no medio daquel baleiro que nunca puideren encher, que se me cravou na alma e me segou o máis fermoso da ilusión e da vida. Cando recibín por unha irmá súa a noticia: "Sindo faleceu no fronte do Ebro vítima dunha granada que explotou sobre del..." Xa non chorei, pensando: "pero a vida é así e hai que sacar as forzas de fraqueza, necesarias para seguir vivindo, aínda que se leve desfeito o corazón".

P. V.